

# CANCIÓNS TRISTES

*(a horas penosas)*

**BS**

*A partir dunha certa hora  
todas as cancións son a mesma*

Son coma o Sol  
que entra nos peores tugurios  
pero nunca se mancha

e amo  
a todos os que levan o ritmo acelerado  
tanto  
que as pernas non lles poden seguir o compás  
tanto  
que a veces písanse a si mesmos ao bailar  
e se atragantan con palabras tan preciosas que merece a pena que sexan esquecidas

Non son aínda de ningún sitio

teño os pés borrados  
teño unha libreta que bico con lingua onde apunto todos os nomes de cada persoa que coñecín e  
logo non volvín botar de menos

teño a morte no espello  
teño o futuro a tiro no retrovisor

non son nin a metade do que prometían os contos  
son máis forte cando pechas os ollos con forza

teño as mellores intencións  
e as máis brutales ausencias

debería estar correndo á velocidade do son  
para chegar a ti antes que as palabras absurdas que che digo  
e só nos separan cada vez  
un pouquiño máis  
como cempés mortos levándonos de volta á casa por unanimidade

debería estar voando coa luz  
e traerche novas misteriosas cada mañá á cama cun café e un croissant  
pero estou de momento só cuns pantalóns furados e unha chaqueta vaquera algo gastada  
no medio da autovía e os dentes pouco a pouco con furados e emisoras de onda curta

os reloxos deberían estar caendo enriba do meu nariz  
e os seus cristais mortos furarme as pupilas

xuntos e por separado somos os deberes que aínda nos quedan por cumprir  
e nos que aínda non fracasamos  
no meu corazón, sabes que xa estamos todos mortos

## **Canción triste**

Queríate tanto  
Me cago en Dios,  
mira que te quería

Queríate como un imbécil  
e ata me pareceu que...

Joder,  
queríate tanto

**Horas penosas** *(para cantar ás 5 da mañá en voz baixa cos petos mollados)*

Estou aquí  
aínda  
coa pistola na man

a ver se penso  
por que me gusta  
aínda  
todo esto

ten que haber algo  
-se non mellor-  
diferente

e sempre pregunto  
pero

e ti?

E ti?

## **Dobre filo**

A mellor canción é sempre o temazo  
pero tamén a que tocan de última as orquestras

É moi duro



